

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**5896** *Real decreto 556/2020, do 9 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

O Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, no seu artigo 16 regula os requisitos específicos de idade para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación e establece diferentes idades para o acceso directo ou por promoción.

A modificación do real decreto que se acomete céntrase na promoción, na cal a idade é un aspecto relevante. Na ampliación dos seus límites máximos, que é o obxecto deste real decreto, consideráronse as necesidades das Forzas Armadas, así como as individuais de desenvolvemento profesional das mulleres e homes integrantes delas, en especial as escalas de tropa e mariñeiría.

Na súa materialización, e en prol dunha maior coordinación normativa, considérase adecuado deixar para unha posterior modificación o resto dos aspectos do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, referidos ao ingreso e promoción. Isto permitirá, pola súa vez, acometelos de forma integral con aqueloutros relacionados coa ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.

Con esta modificación preténdese potenciar e favorecer a promoción nas próximas convocatorias para o ingreso nos centros docentes militares de formación. Deste modo, dáse un novo impulso ao contido dos artigos 57 e 62 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, ampliando e garantindo as expectativas de participación nos procesos de promoción do persoal das Forzas Armadas e, de forma especial, o persoal das escalas de suboficiais e de tropa e mariñeiría.

O impulso da promoción obedece, así mesmo, a criterios de eficacia na acción das Forzas Armadas. Así, é necesario aproveitar ao máximo a capacidade, a competencia, adquirida pola experiencia, e o prestixio do noso persoal. Motivado por isto é tamén o decidido impulso que se logra con este novo real decreto á promoción para o cambio de corpo ou escala dos suboficiais e os militares de tropa e mariñeiría. Desta forma, permítese, adicionalmente, ampliar a súa participación no máximo número de convocatorias posible.

Así mesmo, este impulso responde á medida aprobada polo Ditame da Comisión de Defensa do 27 de setembro de 2018, relativo ao réxime profesional dos militares de tropa e mariñeiría das Forzas Armadas, e cuxo propósito é flexibilizar as limitacións de idade para que a promoción na dita escala sexa real.

Por outro lado, cos novos límites de idade establecidos favorécese a promoción para o ingreso nos corpos xerais e Infantaría de Mariña, tanto para a escala de oficiais como de suboficiais, con e sen existencia de titulación previa, e para o acceso á escala de suboficiais do corpo de músicas militares.

Por tanto, coa entrada en vigor deste real decreto aumentan significativamente as probabilidades de progresión profesional ao aumentar a idade máxima e, con isto as oportunidades para concorrer nos procesos de promoción nos corpos e escalas das Forzas Armadas.

A necesidade desta mesma modificación resulta, por outra parte, inaprazable, xa que é precisa a súa aplicación ás convocatorias e aos seus correspondentes procesos selectivos deste ano.

Durante a tramitación do expediente pode constatarase a valoración favorable que mereceu en todo momento a modificación á alza dos límites de idade para o acceso por promoción.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación, conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, como son os de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por unha parte, resulta evidente o principio de proporcionalidade, xa que as medidas recollidas nesta norma se axustan plenamente ao obxectivo que pretende conseguirse mediante este instrumento. Así mesmo, cumpre os principios de seguridade xurídica xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional, ao asegurar súa correcta incardinación e congruencia coa regulación vixente. Polo demais, a norma é coherente co principio de transparencia ao ter cumprido estritamente cos procedementos exixidos na tramitación dun real decreto. Realizáronse os trámites de participación pública, tal e como se establece para os regulamentos nos artigos 26.2 e 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por outra parte, as medidas contidas no real decreto son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que o xustifican.

En relación co principio de transparencia, ademais dos trámites de participación pública xa mencionados, sobre o proxecto deste real decreto emitiron informe as asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe sobre el.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

O Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, queda modificado nos seguintes termos:

Modifícase o número 1, letra a), 3.º e 4.º; d), 3.º e 4.º, e e), 2.º, do artigo 16, que queda redactado como segue:

«1. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación que a continuación se indican non se deberán facer nin ter feito, no ano en que se publique a correspondente convocatoria, as seguintes idades máximas:

a) Para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña:

3.º Ingreso por promoción sen exixencia previa de titulación universitaria: 34 anos, excepto para a especialidade fundamental voo do corpo xeral do Exército do Aire, que se establece en 24 anos.

4.º Ingreso por promoción con exixencia previa de titulación de grao universitario ou titulacións universitarias que figuren no punto 1.A.1º do anexo II: 38 anos.

d) Para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña:

3.º Ingreso por promoción sen exigencia previa dun título de técnico superior: 34 anos, excepto para a especialidade fundamental de aviación do Exército de Terra, que será de 24 anos.

4.º Ingreso por promoción con exigencia previa dun título de técnico superior: 36 anos, excepto para a especialidade fundamental aviación do Exército de Terra, que será de 27 anos.

e) Para incorporarse á escala de suboficiais do corpo de músicas militares:

2.º Ingreso por promoción: 36 anos.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,  
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ